



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 31 DE DECEMBRO DE 2015.

Concelleiros asistentes:

D^a. Belén Chao Ramil
D. Carlos Carballés Penabad.
D. Mario Rouco Rey
D. José Danilo Requeijo Castro
D^a. Rosario Celia Rey López
D. José Pajón Penabad.

No salón de sesións da Casa do Concello de Muras, sendo as trece horas do día trinta e un de decembro de dous mil quince, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario en acumulación D. Antonio López Vila, réunese o Pleno da Corporación en sesión ordinaria segundo a convocatoria remitida ao

efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, pasando a tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DE ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES. Dáse conta de actas de sesións anteriores realizadas os días 29 de outubro e 24 de novembro de 2015, das cales entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación, e non presentándose alegacións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aproba-las referidas actas.

2.- APROBACIÓN RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE MURAS. Visto o expediente tramitado para aprobación da Relación de Postos de Traballo do concello de Muras, do que resulta:

Visto que segundo consta na Providencia da Alcaldía de data 22 de decembro de 2012, o concello de Muras carece de Relación de Postos de Traballo, polo cal encargouse a redacción do correspondente proxecto á empresa J&L Tudo Consulting, e dispón o inicio de expediente.

Visto que con data 23 de decembro de 2015 foi emitido informe de Secretaría referente ao procedemento a seguir e a lexislación de aplicación no procedemento de aprobación da Relación de Postos de Traballo.

Visto que con data 30/12/2015 a Mesa de negociación informou o proxecto de Relación de Postos de Traballo, á cal foron convocados as organizacións sindicais CC.OO., UGT, e CIG.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo BNG: o Sr. Alcalde indica que con motivo da chegada ao goberno observouse a contratación irregular de persoal, moitos sen funcións claras, externalización de servizos e contratación de persoal para eses postos, duplicidade de postos a veces sen carga de traballo, etc. por elo unha das decisións adoptadas foi a elaboración dunha Relación de Postos de Traballo por empresa especializada que defina as necesidades e ordenación do persoal necesario para a súa atención; dá conta do proxecto elaborado e os postos incluídos de persoal funcionario e laboral coas súas características e valoración. Hai outro persoal laboral temporal como a traballadora social que remata o 31/12/2015 afectado por competencias que corresponde asumir a Comunidade Autónoma e auxiliar de información xuvenil que finaliza o 31/12/2015 e tamén está suxeito a subvención.



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

O portavoz do grupo Popular D. José Danilo Requeijo Castro está de acordo, o único que ten dúbida é si ese persoal dará abasto para os traballos necesarios.

O Sr. Alcalde manifesta que a RPT non afecta a persoal contratado para programas específicos como o FCA ou a brigada de loita contra incendios.

O Sr. Requeijo Castro considera que sería interesante cubrir eses postos con persoal empadroadado no concello de Muras, mellor que sexa do pobo, habería que estudar esa posibilidade.

O Sr. Alcalde comparte a opinión pero o procedemento e a lexislación non se poden saltar, de tódolos xeitos considera se debe priorizar, entre outras cousas, que as persoas que cubran os postos sexan competentes e estean formadas para desempeña-los postos.

O concelleiro do PSdG-PSOE D. Mario Rouco Rey está a favor desta RPT, sinala que se estivo estudando a situación dos postos de traballo e que por lei era necesaria a súa elaboración, vaise realizar exposición pública despois da aprobación inicial e logo a través do FCA pódese contratar persoal de reforzo, pero era necesario poñer isto en orde, si pode ser con xente de aquí mellor, pero xente competente, senón terá que ser doutro sitio como é o caso do Secretario.

Debatido o asunto, de conformidade co disposto no artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda:

1.º.-Aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo do concello de Muras segundo o proxecto que figura no expediente e que comprende os postos coas principais características que se mencionan a continuación:

A) POSTOS DE FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Código	Denominación posto	Dota ción	Grupo/ Subgrup	Nivel CD	CE	T.P	F.P	Admón.	Corpo Escala	Observa cións
1000	Secretario-Interventor	1	A A1/A2	26	14.965,90	S	C	AE	H.E./ S-I	Vacante
1004	Administrativo	1	C C1	18	6.041,07	N	C	AL	A.X/ Adm.	Cuberto
1005	Auxiliar administrativo	1	C C2	16	4.530,80	N	C	AL	A.X./ Auxiliar	Cuberto
1006	Auxiliar administrativo	1	C C2	16	4.530,80	N	C	AL	A.X./ Auxiliar	Vacante

B) POSTOS DE PERSOAL LABORAL FIXO.

Código	Denominación posto	Dota ción	Grupo / Soldo	Nivel com e mando	Factores complem	Formación específica	Observac
2007	Oficial encargado obras	1	V 7.678,58	4,270,14	8.320,72	Permiso conduc. veh. e maquinaria obra pública	Vacante
2008	Operario condutor	3	V 7.678,58	3.640,98	5.528,15	Permiso conduc veh e maquinaria obra pública	Vacantes

2º. Expoñer ó público a mencionada RPT durante o prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A relación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá do prazo dun mes para resolvelas.

3º. Una vez aprobada definitivamente a Relación de Postos de Traballo, publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia.



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-50001/12
Fax: 982-500063

PARTE DE CONTROL ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

3.- INFORMES DA PRESIDENCIA.

a) Resolucións da Alcaldía. Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde o 26 de outubro, ata o 28 de decembro de 2015'

b) Informes Alcaldía. Toma a palabra o Sr.Alcalde para informar que despois de traballos previos para poñer orde nas contas recibidas, estase traballando na elaboración dos orzamentos para 2016, espera que no mes de xaneiro estean rematados.

Tamén está aberta a convocatoria do Fondo de Compensación Ambiental, na liña non competitiva corresponden a este concello uns 546.000 euros e tamén se están elaborando proxectos a presentar, este ano ademais está prevista presentar solicitudes tamén para a liña competitiva, dentro da participación nese FCA hai partida para a contratación de persoal para actuacións medioambientais sobre todo para atender as necesidades deste concello durante os meses de verán.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás trece horas e vinte minutos, da cal estendo a presente acta e como Secretario dou fe.

Vº e Prace,

O Alcalde,

O Secretario,

